

**INFORMACIÓN AOS COLEXIOS VETERINARIOS OFICIAIS EN RELACIÓN Á
CAMPAÑA DE VACINACIÓN FRONTE Á LINGUA AZUL EN GALICIA- ANO 2023
ORDE APA/1251/2020 PROTECCIÓN LINGUA AZUL**

1.- INTRODUCCIÓN

En febreiro 2023 foron detectados animais bovinos positivos ao serotipo 4 do virus da Lingua Azul (en diante LA) en 4 explotacións bovinas sentinelas nos concellos de Castro Caldelas e Sarreaus na provincia de Ourense e de Fornelos de Montes e As Neves na provincia de Pontevedra.

A raíz destes resultados, a Orden APA/1251/2020, de 21 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, foi modificada no seu anexo I para incluír como Zona Restrinxida (en diante ZR) **a totalidade das comarcas veterinarias das provincias de Ourense e Pontevedra e as comarcas de Chantada, Sarria e Terra de Lemos-Quiroga na provincia de Lugo.**

Nos concellos incluídos na ZR, a Orden establece a vacinación obrigatoria fronte ao serotipo 4 da Lingua azul de todos os animais maiores de 3 meses, pertencentes ás especies ovina e bovina.

A lingua azul esta clasificada como unha unha enfermidade de categoría C+D+E segundo o Regulamento de Execución (UE) 2018/1882 da Comisión do 3 de decembro de 2018, relativo á aplicación de determinadas normas de prevención e control a categorías de enfermidades enumeradas na lista e polo que se establece unha lista de especies e grupos de especies que supoñen un risco considerable para a propagación de ditas enfermidades. Isto significa que no caso de aparición desta doenza en territorios libres, é necesario realizar un programa de control e erradicación.

Ao tratarse dunha enfermidade de transmisión vectorial (en concreto a través de mosquitos), existen diferentes requisitos en relación ao movemento de animais sensibles a esta enfermidade, dependendo da época do ano no que se produzan, establecéndose anualmente un período libre de circulación ambiental do vector (PEL) e un período de circulación de vector. En anos precedentes, a data de finalización do PEL iníciase na segunda quincena do mes de abril, data que é comunicada polo MAPA anualmente a todas as CCAA.

Durante o período libre de vector, os animais bovinos e ovinos poderán trasladarse dentro do territorio peninsular cumprindo como único requisito que non mostren signos clínicos compatibles coa lingua azul o día do transporte.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Subdirección Xeral de Gandería
Servizo de Sanidade Animal
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
T.+34 981 544 793
sanidadeanimal.mrural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





Porén, durante o período de circulación de vector, os movementos de bovinos e ovinos con orixe en explotacións incluídas na ZR, ademais de non presentar síntomas da enfermidade e transportarse en vehículos desinsectados, deben cumprir uns determinados requisitos, fundamentalmente tratarse de animais vacinados ou, se son menores de 4 meses, proceder de explotacións vacinadas e ser fillos de nais vacinadas.

A vacinación, constitúe polo tanto un requisito obrigatorio para o movemento pecuario dos animais con orixe na ZR, ademais de ser a ferramenta máis efectiva no control e erradicación desta enfermidade.

Deste xeito, **a Consellería do Medio Rural, iniciará a partir do 7 de marzo 2023 unha vacinación obrigatoria en saba de todos os bovinos e ovinos maiores de 3 meses localizados en explotacións gandeiras dos concellos incluídos na ZR de Galicia.**

Esta campaña masiva de vacinación vai ser realizada polo persoal veterinario da empresa pública Tragsatec e consistirá na seguinte pauta vacinal:

- **Ovinos: unha única dose vacinal (2ml) por vía subcutánea.**
- **Bovinos: dúas doses vacinais (4ml por dose) por vía intramuscular separadas 21 días.**

Utilizarase a vacina Syvazul® BTV- 4, inactivada, elaborada por Laboratorios Syva.

Posteriormente será necesaria unha revacunación anual cunha única dose en ambas especies, a realizar nos anos 2024 e 2025.

2.- BREVE RESEÑA DA ENFERMIDADE

Etioloxía

A lingua azul é unha enfermidade vírica non contaxiosa causada por un virus RNA do xénero *Orbivirus*, pertencente á familia Reoviridae. Coñécense 27 serotipos diferentes do virus da LA.

Non é unha enfermidade zoonótica nin por contacto directo nin polo consumo de ningún produto obtido das especies ruminantes (carne ou leite).

Epidemioloxía e transmisión

O rango de hospedadores susceptibles a ser infectados polo virus da LA é moi amplo, incluíndo a todas as especies ruminantes.

Aínda que a manifestación clínica da enfermidade varía moito entre as distintas especies e o serotipo circulante, nas ovellas é onde aparece o cadro clínico completo da enfermidade con distinta intensidade segundo os casos e que resulta normalmente inaparente no resto das especies.





A distribución xeográfica da enfermidade depende da presenza no ambiente de mosquitos do xénero *Culicoides*, que actúan como vectores biolóxicos.

Unha vez infectado un animal, o período no que a viremia é efectiva para transmitir o virus a través da picadura dos mosquitos é de aproximadamente 60 días, aínda que no gando bovino existen evidencias dunha maior duración desta.

Existe a posibilidade da transmisión vía placentaria no caso de femias xestantes, aínda que esta vía de transmisión non ten importancia no mantemento da enfermidade. A presenza do virus en seme sucede tan só nos momentos de máxima viremia, polo que a transmisión por seme carece de importancia epidemiolóxica.

Sintomatoloxía e lesións

O período de incubación en ovellas é de aproximadamente de 7 a 10 días, aparecendo a viremia nos 3-4 días post-infección. No gando bovino a viremia aparece a partir dos 4 días, pero normalmente sen sintomatoloxía clínica.

Na forma aguda aparece un cadro febril (chegando a 42 °C), depresión, glosite, lingua ás veces cianótica, inflamación e erosión da mucosa oral, descarga nasal, sialorrea, edema subcutáneo submandibular e supraorbital, coxeras, abortos, emaciación e morte en 8-10 días; ou ben recuperación con alopecia, esterilidade e retraso no crecemento. Este cadro unicamente obsérvase en ovellas.

Na forma subaguda aparecen signos como nacemento de animais débiles, abortos e anomalías conxénitas con baixo índice de mortalidade.

As lesións máis frecuentes en gando ovino son: conxestión, edema, hemorraxias e úlceras nas mucosas dixestiva e respiratoria, conxestión das pezuñas e banda coronaria, hipertrofia de ganglios linfáticos, esplenomegalia e neumonía broncolobular bilateral grave.

A morbilidade en ovellas pode alcanzar un 100% e a mortalidade varía dun 0 a un 50%.

No caso de gando bovino a morbilidade pode alcanzar un 5%.

O serotipo 4 circulante en Galicia, está presente en varias Comunidades Autónomas desde fai varios anos e salvo casos excepcionais non produce sintomatoloxía algunha en gando bovino, aínda que esta especie xoga un papel importante na epidemioloxía da enfermidade polos longos períodos de viremia que presenta.

As cabras poden igualmente infectarse polo virus da LA pero ao igual que o bovino, non adoitan mostrar sintomatoloxía clínica.

Diagnóstico diferencial



Enfermedades con cadros similares, entre as que destacamos: febre aftosa, estomatite vesicular, BVD, IBR, varíola ovina, febre catarral maligna, ectima contaxioso, peste dos pequenos ruminantes ou actinobacilose.

Diagnóstico laboratorial

Detección do ácido nucleico do virus mediante illamento e identificación do serotipo mediante PCR.

Probas serolóxicas indicativas de seroconversión (ELISA)

No seguinte enlace pódese consultar información relevante sobre a enfermidade:

https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/lengua-azul/lengua_azul.aspx#prettyPhoto

3.- INFORMACIÓN ACERCA DE POSIBLES EFECTOS ADVERSOS DA VACINACIÓN DE LINGUA AZUL

A vacina Syvazul® BTV- 4, utilizada pola Consellería do Medio Rural na presente campaña de vacinación, ten autorizado o seu uso pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS), polo que trátase dun produto seguro. Porén, e dado que se vai vacinar un gran número de animais, por simple estatística, pode ser posible a presentación de efectos adversos nalgúns animais.

Consultadas outras CCAA que utilizaron esta vacina nos anos precedentes manifestaron que non lles constan efectos adversos de importancia.

A súa ficha técnica recolle o seguinte:

- Reacción local: eritema ou edema local e/ou nódulo indoloro no punto de inoculación que desaparece ou se volve residual co tempo.
- Aumento transitorio de Tª rectal non superior a 2-3°C nas 48h posteriores á inoculación.
- En raras ocasións (menos en bovino que en ovino) trastornos reprodutivos (aborto, parto prematuro...) ou sistémicos (apatía, letargo, anorexia...)
- Moito máis raramente: redución da produción de leite, reaccións de hipersensibilidade...

Así mesmo a ficha técnica recolle que **é posible o seu uso durante a xestación e lactación.**

Tempo de espera: 0 días

É de especial interese comentar que a Consellería do Medio Rural (en diante CMR) recibiu información acerca de reaccións adversas de hipersensibilidade en gando bovino, de gravidade variable pero que nalgúns casos producíronse choques anafilácticos con resultado de morte.

Esta reacción adversa non é provocada directamente pola aplicación da vacina de lingua azul senón que se debe a unha sensibilización dos animais con esta vacina e





que interfere coa **aplicación posterior doutros medicamentos veterinarios**, en concreto as principais referencias de efectos adversos **notificáronse en relación coa vacinación de bovinos fronte a Rinotraqueite Bovina Infecciosa (IBR)**.

A reacción adversa **só ten lugar cando a vacinación de LA é anterior á de IBR**; polo tanto **é absolutamente recomendable que ás vacinacións de rutina fronte a IBR que se realicen en explotacións bovinas, se pauten de xeito que sexan anteriores ou simultáneas á vacinación de LA, e non posteriores á mesma**.

Coa información que dispón a CMR é desaconsellable a vacinación fronte IBR ata transcorrido un mínimo de 4 meses tras a vacinación de lingua azul.

Nota aclaratoria: estas reaccións non se producen con todas as vacinas de IBR. A información da que dispón a CMR, refírese ao **uso dunha vacina comercial concreta** e foi subministrada polo propio laboratorio fabricante quen xa notificou no seu momento estas incidencias ao sistema de farmacovixilancia da AEMPS.

Pola información que este laboratorio trasladou á CMR, **o compoñente causante da reacción adversa é a povidona (ou polivinilpirrolidona)** presente como excipiente na súa vacina así como noutros medicamentos veterinarios. Así mesmo o citado laboratorio informou que as reaccións adversas as detectaron maioritariamente nun período de 3 meses entre a vacinación de lingua azul e a vacinación posterior de IBR ca súa vacina.

Esta vacina non ten restricións de comercialización en España nin na UE polo que obviamente non é posible facer referencia expresa a ela neste documento. De aí que se traslade información xenérica sobre a interferencia coas vacinas de IBR de xeito xenérico, recomendando a non vacinación de IBR se non transcorreron máis de 4 meses (1 mes máis do período de reacción subministrado polo laboratorio fabricante desta vacina) como medida de precaución adicional.

Recoméndase polo tanto que antes da realización de vacinacións fronte a IBR, o persoal veterinario comprobe a documentación técnica da vacina e no caso de que conteña o excipiente potencialmente causante, pospoña a súa aplicación ata transcorridos como mínimo 4 meses tras a vacinación de lingua azul.

4.- INFORMACIÓN EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DE DESINSECTACIÓN DE EXPLOTACIÓNS E VEHÍCULOS

Ao tratarse dunha enfermidade de transmisión por mosquitos as medidas de desinsectación teñen moita importancia para o control desta enfermidade. Estas medidas pódense realizar preventivamente en calquera explotación de especies sensibles (*) ou ben ser un requisito obrigatorio tanto en explotacións, en determinadas circunstancias, como nos movementos desde a ZR unha vez finalizado o período estacionalmente libre da circulación do vector.

(*) especies de ruminantes domésticos (incluído cabras) ou silvestres.

Detallamos algunhas recomendacións de medidas a levar a cabo para o control do vector nas inmediacións das explotacións e o seu contacto cos animais:





- Evitar a existencia na contorna das explotacións de zonas con auga estancada ou con lama (charcos, depósitos de auga...) lugares propicios para o mantemento do vector.
- Sempre que sexa posible, instalar nas entradas das naves (fiestras, portas, outras aberturas) mallas con diámetro igual ou inferior a 5 mm. Estas mallas deben impregnarse con produtos desinsectantes ou repelentes autorizados no ámbito gandeiro, renovando a súa aplicación segundo as indicacións do produto.
- Desinsectación periódica de locais, medios de transporte ou calquera zona favorables á cría do vector (zona de esterco amoreado, zonas húmidas...) especialmente na época de maior actividade do mosquito (entre abril e setembro).
- Manter os animais no interior das instalacións nos momentos do día nos que o vector está máis activo (amencer e atardecer) nos meses de especial actividade deste.
- Aplicar desinsectantes ou repelentes aos animais, renovando a aplicación do produto segundo as súas especificacións.

No seguinte enlace poden acceder á listaxe de desinsectantes e repelentes autorizados en España para uso no ámbito gandeiro.

https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/lengua-azul/lengua_azul.aspx

5.- COMUNICACIÓN DE SOSPEITA

A Lingua azul é unha enfermidade de declaración obrigatoria de acordo co Real decreto 526/2014 do 20 de xuño, polo que se establece a listaxe de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece no seu artigo 5 a obriga de comunicación de forma inmediata por toda persoa física ou xurídica, pública ou privada, que teña coñecemento ou sospeita da existencia de enfermidades de carácter epizootico ou que pola súa especial virulencia, extrema gravidade ou rápida difusión impliquen un risco potencial de contaxio para a poboación animal, incluída a doméstica ou silvestre, ou un risco para a saúde pública ou para o medio ambiente.

Polo tanto, a sospeita de sintomatoloxía compatible coa lingua azul en especies sensibles debe ser comunicada de inmediato aos servizos veterinarios oficiais.

Neste enlace poden atopar os datos de contacto das Oficinas Rurais (Oficinas Agrarias Comarcais); engádense tamén os datos dos Servizos Provinciais de Gandaría.





<https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?f= SRV:43>

SERVIZOS PROVINCIAIS DE GANDARÍA

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

Servizo de Gandaría

R/ Vicente Ferrer, 2

15071 A Coruña

Teléfono 981 184 569

servizo.gandaria.a.coruna@xunta.gal

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Servizo de Gandaría

Ronda da Muralla, 70

27071 Lugo

Teléfono 982294534

ganderia.mediorural.lugo@xunta.gal

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

Servizo de Gandaría

R/ Florentino L. Cuevillas, 4-6 baixo

32071 Ourense

Teléfono: 988 386 525

ganderia.ourense@xunta.gal

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

Servizo de Gandaría

Avda. M^a Victoria Moreno, 43-2º

36071 Pontevedra

Teléfono: 616 997 106 / 886 206 569

ganderia.pontevedra@xunta.gal

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Sanidade Animal

Jesús Javier Orejas Fernández

